



MEMORIA DA ESCOLA

A miña nai foi a miña escola.

**Os días de chuvia, os bancos de madeira,
o cartabón e a escuadra, as figuras
xeométricas, a brúxula
os globos terráqueos, os compases,
resumen a lembranza
tanto tempo de tinta e de tiza.**

**A infancia fóiseme
polos cos dos tinteiros
no alto dos pupitres.
(De tanto escoitalos no colexio
souben os libros de memoria
antes de aprender a ler).**

**Na escola maternal
pequena e soa
aprendín o que se di
sempre a deshora**

**Rodríguez Fer, C.
Lugo blues**



Nos anos da posguerra moitos nenos da Terra de Melide asistían ás escolas unitarias espalladas polas distintas parroquias. Alí aprendían os coñecementos básicos: ler, escribir, facer contas,...

Os alumnos de hoxe preguntanlle ós seus avós cales son as lembranzas que gardan de todo aquilo: camiños, mestres, aulas, libros, compañeiros,... Velaquí o resultado das súas pescudas.

1. Cando e onde estudaches?

- A- Á escola fun ás Cazallas. Foi ata os catorce anos. Ata os dezasete estudei na Academia Balmes. Foi entre os anos 1945 e 1948.
- B- Comecei ós cinco ou seis anos en Melide.
- C- De sete anos. En Lalín.
- D- En Barazón, aos sete anos.
- E- De oito anos. En Dormeá.
- F- Polo ano 1931 en Paradela (Toques).
- G- No 1952 na escola de Agrón, en Riocobo (Barreiro).
- H- Cando tiña cinco ou seis

anos, na parroquia de Campos.

- I- Aos seis anos, en Novela (Santiso).
- J- Empecei cando tiña seis anos, na aldea de Os Curros (Toques)
- K- Aos nove anos, antes non puiden ir. Estudei no colexio de Niñodagua
- L- Empecei a estudar ós sete anos, iba a escola a San Martiño de Oleiros, estaba bastante cerca e sempre íamos todos os veciños xuntos, a profesora esperábanos sempre na porta a que chegamos xa que

vivía na escola.

2. Cantos anos estudaches?

- A- Catro de Bacharelato na academia Balmes e o demais na escola.
- B- Durante doce ou trece anos.
- C- Poucos, porque tiña que traballar.
- D- Estudei cinco anos, dos sete aos doce.
- E- Uns seis ou sete anos.
- F- Só estudei uns sete anos aproximadamente.
- G- Cinco anos.



MEMORIA DA ESCOLA

H- Ata os catorce anos, estudei oito anos.

I- Seis ou sete, pero non ía todos os días á escola, a maior parte do ano quedaba na casa traballando.

J- Na escola dos Curros dous ou tres anos, despois estudei noutra escola do mesmo concello, Toques, nun lugar que lle chaman Souto. Alí estudei dous anos.

K- Non o sei moi ben, creo que seguidos ningún, pois había días que tiña que quedar na casa. Pero o total serían tres anos, se o foron.

L- Estudei sete ou oito anos, agora mesmo non o sei seguro.



3. Recordas como era o camiño á escola?

A- Era nas Cazallas, pola estrada. Estaba cerca da casa. Levábame cinco minutos ir.

B- Era un camiño fácil, cercano, coa rúa toda empedrada e con accesos aos lados, tamén feitos con pedra.

C- Cando chovía levaba un saco. Ía cos compañeiros e algunhas veces cos meus irmáns.

D- Si, ía de Chorén a Barazón andando e pasaba por unha ponte, o camiño aínda está agora, antes era unha corredeira, pero agora é unha pista; pero está no mesmo sitio.

E- Tiña que andar uns tres quilómetros para chegar á escola.

F- Pois si, era un camiño dos de antes. Ao chover a terra facíase lama, sempre ía andando, polas nove da mañá, que era cando comezaban as clases. Os que viviamos lonxe

xa estabamos cansos.

G- Era unha estrada sen asfaltar. Andaba case un quilómetro.

H- Si, era un camiño estreito e de terra, e cando chovía pasabamos por dentro dunhas fincas porque estaba todo cheo de barro. Cada día andabamos arredor dun quilómetro ata chegar á escola.

I- Era un camiño de terra, polo que no inverno soía haber moita lama, era polo medio do monte polo que había moitos toxos, e a distancia á escola era dun quilómetro.

J- O camiño á escola de Os Curros era curto, tiña que ir andando por un camiño de pedra, area e terra; ademais había pozas de auga. O camiño á escola de Souto era moi longo, tres quilómetros, era malísimo, con moitas pedras e costa. Tiña que cru-

zar o río. A este camiño chamábanlle e aínda lle chaman "Camiño da Toca".

K- Había varios, pero todos eran de terra, ningún asfaltado como hai hoxe en día. No inverno metía medo ir por eles e as zocas enchíansenos de terra e lama, imaxina como quedaba o colexio.

L- O camiño era unha corredeira onde os días de inverno era todo lama e só se podía camiñar por unhas pedras que había ao longo do valado, e aínda así sempre chegabamos todos enlamados. Tamén había un cacho de calzada case chegando á escola.

4. Como era o edificio onde estudaches? Onde estaba? Tamaño e división das habitacións.

A- A academia era nun piso que aínda existe. Era da familia Senín. Estaba na Aveni-



MEMORIA DA ESCOLA

da de Pontevedra. Subíase por unhas escaleiras e tiña unha terraza. As clases eran nas habitacións.

B- Era un baixo onde agora está o Concello, dun tamaño considerable con un único cuarto.

C- Era unha casiña pequena, estaba nunha aldea que se chamaba Mato e só tiña unha clase.

D- Era unha vivenda, tiña un local grande para a escola e o resto era a vivenda. Subía unhas escaleiras para entrar, porque estaba no alto, aínda está agora, pero é casa particular.

E- Estaba preto da igrexa. Era un edificio que só tiña unha habitación, pero era bastante grande, uns sete ou oito metros de largo e uns cinco ou seis metros de ancho.

F- Era unha escola moi moderna para aqueles tempos, algo pequena, xa que só tiña un cuarto no que estudaban. O colexio está no mesmo sitio de sempre, en Paradela, aínda que agora... xa non se dá ensino alí.

G- Era unha casiña pequena con tres ventás. Tiña unha soa habitación, duns 25m.

H- Era un local grande que se atopaba dentro dunha vivenda cunha cociña e cortes. Detrás había unha horta cunha fonte. Na cociña da vivenda preparábase leite en po. A escola era un local grande co solo de cemento. Tiña moitas ventás e dúas portas, unha comunicábase co exterior e outra co interior da casa.

I- A escola era na casa da profesora, nunha habitación onde se daban as clases.

J- A primeira escola á que fun era moi pequena. Era un caseto de pedra de planta baixa que antes de ser escola foi un caseto para as ovellas. Só había unha clase. A segunda xa era máis grande, de dúas plantas (baixo e piso) de pedra e chan de madeira. No baixo había leña, xa que a mestra vivía nunha casa pegada á escola. No piso había unha soa clase.

K- Era antigo, de pedra, moi frío. Imaxina se podes a duascenas persoas con un só profesor metidas nun local todas apertadas, agora imaxina o que podía oír os últimos o mestre.

L- Era unha casiña de pedra, bastante grande; estaba dividida en dous andares, abaixo estaba a escola sen ningunha división e arriba vivía a mestra.

5. Cantos alumnos/as erades e de que idades?

A- Non che sei. Eramos trinta ou corenta. Diso xa non me lembro. Tiñamos dezaseis ou dezasete anos.

B- Eran da miña idade e aínda maiores, entre corenta e cincuenta alumnos, aínda que eramos todas nenas.

C- Eramos moitos alumnos e de varias idades.

D- Estabamos na aula entre vinte e trinta alumnos de entre seis e catorce anos.

E- Había uns cincuenta alumnos e todos eran rapaces, xa que as rapazas tiñan que ir a outro colexio. Todos tiñan idades comprendidas entre sete e catorce anos.

F- Eramos uns sesenta. Os días que chovía, como case sempre iamos todos, non



colliamos na aula. Todos tiñamos de sete a catorce anos.

G- Trinta e seis alumnos de sete a dezaoito anos.

H- Aproximadamente trinta ou corenta rapaces de todas as idades comprendidas entre seis e catorce anos.

I- 200 alumnos de seis a catorce anos.

J- Na primeira escola eramos vinte ou trinta rapaces, era unha clase mixta. Os rapaces tiñan entre seis e sete anos. Na segunda, só había rapaces, había outra cerca para as rapazas. Eramos corenta ou cincuenta rapaces, entre os oito e os doce anos.

K- Estabamos cerca de 200, pero iso que non ían nin a metade. O colexio era para toda a comarca e antes as familias tiñan moitos máis fillos. Nós somos sete irmáns, así que imaxina. Ir alí era un suplicio, pois non te decatabas de nada, era un



MEMORIA DA ESCOLA



Intres

6

Xuño 2007

caos. Como quedaba moi lonxe da miña casa, se chovía xa non ía, e cando ía era imposible seguir a clase, por moito que me situara diante. Ademais, as condicións hixiénicas, en xeral de todos, eran máis ben deficientes e nun local con pouca ventilación o olor era bastante malo. Coñeces a frase de ser máis pobre que un mestre de escola? seguro que vén desta época.

L- Eramos uns trinta, e as idades, entre sete e dezaseis anos.

6. Como era a aula na que estudabas?

Dimensións, materiais (mesas, cadeiras, encerados, lapis, mapas?

A- O cuarto onde se estudaba era grande e dábase clase nunha habitación pequena. Tiñamos pupitres, algúns para dous. Tiñamos un encerado por aula e outro moi grande

onde se estudaba de noite. Tamén había mapas de todo. Ata había dous mapas pintados na parede polo noso profesor: o de España e o do mundo. Daquela non tiñamos bolígrafos, só lapis e plumas. B- Estaba a mesa do profesor diante e en frente as das alumnas. Empregabamos pizarras e algunhas libretas. Os libros eran o Silabario, o Catecismo, o Grao preparatorio, medio e superior.

C- Tiñamos un encerado e un libro, había mapas e bóla do mundo. Usabamos unha enciclopedia de 1º Grao e sempre soiamos estudar o Catecismo.

D- A aula era grande, máis ou menos como catro habitacións. As mesas e os asentos eran nunha soa peza. Cada banco tiña dous asentos. Estaba preto da igrexa. Era un edificio que só tiña unha habitación, pero era bastante grande, uns sete ou oito metros de largo e uns cinco ou seis de ancho.

E- As mesas eran de madeira, ao igual que as cadeiras, xa que estaban unidas; incluso ao final tiñan que levar eles mesmos unha cadeira da casa. Tamén había encerado e taboleiros grandes. Os libros non os tiñan que comprar, dábanlles no colexio. Tamén tiñan mapas, cadernos e ata había plumas para escribir con tinta, pero tamén había algúns lapis.

F- Era un cuarto no que estudabamos todos. Tiña uns percheiros para deixar as bolsas nas que levaban o pan (daquelas era o que levaban para comer), era máis ou menos pequeno.

Sentabámonos nuns bancos e tiñamos unhas mesas das máis sinxelas para apoiar os cadernos e ten enriba a pluma e o tinteiro. Tiñamos pizarras nas que escribiamos con pizarrillos, libretas, tizas para o encerado, mapas colgados na parede. Tamén recordo un libro que me gustou moitísimo que se titulaba "Yo quiero saber leer"...

G- Había bancos longos dun lado a outro da clase cunha mesa do mesmo largo. Tiñamos unha pizarra na que se escribía con pizarriño e borabámola coa manga da chaqueta. Tiñamos dous mapas pegados á parede. O mestre tiña a súa mesa coa súa cadeira. Só tiñamos lapis, non había bolígrafos, chamabámoslles "lapiceros". Tiñamos un libro con todas as materias xuntas e había libretas raiadas.

H- Era grande e co solo de cemento. Tiña moitas ventás e dúas portas, unha



MEMORIA DA ESCOLA

comunicábase co exterior e outra co interior da casa. Había mesas moi largas, tanto que ían dun extremo a outro; nelas había uns ocos para colocar o tinteiro e unhas ranuras para a pluma. Escribíase tamén en pizarras con lapis do mesmo material que afiabamos no solo, no cemento. Había enciclopedias que duraban moitos anos, en total tres, que se pasaban segundo a aprendizaxe do alumno.

I- Era unha habitación, había moi poucas mesas e cadeiras, e máis da metade dos alumnos estaban sentados no chan. Co que máis escribían era con plumas e con carboncillo. Tiñan algúns libros (só en castelán) e un mapa de España.

J- A aula da primeira escola era pequena. Nela había unha mesa, a cadeira para o mestre e banquetas para os rapaces. Tiñamos que escribir en pizarras cuns pizarrillos, despois borrabamos coa man. Os libros que usabamos tiñamos que compralos. A aula da segunda escola era grande. Nela había mesa e cadeira para o profesor, mesas largas e bancos para os rapaces, mapas e algúns libros. Aquí usabamos pluma e tinteiro para escribir. A aula era grande, máis ou menos como catro habitacións. As mesas e os asentos eran nunha soa peza. Cada banco tiña dous asentos. Estaba preto da igrexa. Era un edificio que só tiña unha habitación, pero era bastante grande, uns sete ou oito metros de largo e unhs cinco ou seis de ancho. As mesas eran de

madeira, ao igual que as cadeiras, xa que estaban unidas; incluso ao final tiñan que levar eles mesmos unha cadeira da casa. Tamén había encendidos e taboleiros grandes. Os libros non os tiñan que comprar, dábanlles no colexio. Tamén tiñan mapas, cadernos e ata había plumas para escribir con tinta, pero tamén había algúns lapis.

K- "Aula, que jaula!", era un único espazo con mesas rotas, tortas ou podres á que íamos pasar o tempo, porque, como xa dixer, era imposible estudar.

Eran outros tempos; se fose hoxe, estudaría. Xa sabes, estuda que é para o teu ben.

L- Era bastante grande, había un mapa de España no que estaban todos os ríos, cada un tiña un cacho de encerado no que escribía, que non é como agora... só había un libro no que estaban recollidas todas as materias.

7. Cantos mestres tiveches? Algún recordo deles?

A- Na escola só Don José Carreira e na academia moitos: Don José Ares, Don José Martínez, Don Manuel Escudero... Eran bos todos. A verdade é que non gardo recordos especiais deles. Só unha excursión ao Castelo de Pambre andando dende a escola.

B- Tiven catro profesores, tres mulleres e un home. To-



LA ÚLTIMA LECCIÓN DEL MAESTRO.
LA DERNIÈRE LEÇON DU MAÎTRE.
* THE TEACHER'S LAST LESSON.

dos eran estupendos e ensinaban de marabilla, con moitísima paciencia e cariño. C- Un mestre ao que lle tiña moito medo porque me dicía: "Te voy a dar un cachete que te meto por el bofarrete"; e tamén tiña unha mestra chamada Dona Manola.

D- A primeira era da Coruña, chamábase dona Elisa Marco López, era maior e xubilouse alí. A segunda era dona Teresa González. A terceira foi no tempo da guerra, ela era de Santiago e chamábase dona Lourdes; ás veces dábanos clase o marido e, cando acababamos o traballo, facíanos cantar "Cara al sol con la camisa nueva", "Roja y gualda era la bandera", obrigábanos a cantalas. Contaban historias de como se vivía nese tempo, no tempo da guerra.

E- Tiveron ata oito profesores diferentes. O primeiro que



MEMORIA DA ESCOLA

estivo púxose mal da cabeza e tivérono que denunciar, logo botárono. Cada profesor que estivo gañaba 3.000 pesetas cada mes.

F- Só tiven un mestre (Don Ramiro). Case sempre nos preguntaba a lección. Era moi bo profesor, pero con tantos alumnos... Vivía a dous quilómetros da escola, ía ata alí en bicicleta.

G- Só tiven un profesor. Os métodos para aprender e comportarse eran unhas varas de carballo que os mestres nos encargaban aos alumnos e coas que nos zoscaban nas mans e no cu.

H- Tiven dúas mestras e unha substituta. Cada día, antes de entrar, colocados nunha fila, revisábanos un por un as uñas para ver se as levamos limpas e tamén se tiñamos un pano. Se non era así, dábanos cunha vara nos dedos e a lavarnos na fonte.

I- Tres. Eran todos malos e moi brutos e pegaban aos alumnos moitas veces ata chegar ao punto de facelos sangrar.

J- Tiven tres, dous mestres na primeira escola e unha mestra na segunda. Un mestre que tiven sabía que me gustaba ler, así que cando lía a lección en alto, deixábame ler moitas follas do libro.

K- Un para todos, e o peor era que se se puña enfermo, como de feito pasou unha vez, non avisou e estivemos unha semana sen profesor. Cando regresou, algúns destrozaran mesas, encerados, etc. Era un desastre, o profesor non podía facer nada con tanta xente.

L- Só tiven unha mestra, era moi boa profesora, pero ás veces... E cando chovía subía escentellada a poñer o caldeiro no piso de arriba, á súa casa, para que non lle

chovera nela. Moi ben o pasabamos mentres ela ía arriba, e ás veces tamén ía poñer a pota ao lume.

8. Que anécdotas recordas da escola?

A- Xogabamos moito na estrada e a moitos xogos. Daquela soamente había un coche e nunca pasaba.

B- Cando fixen a Primeira Comuñón tiven que irme ensinar a xunto da profesora e ela díxome que estaba guapísima.

C- Unha vez non sei que viñan a facer e eu tanto me alegrei que caín na lama.

D- Antes non había enciclopedias, tiñamos libros de Aritmética, Gramática, Xeografía e Historia Sagrada. Ás veces aprendía unha lección de cada libro. Tamén me gustaba moito Don Quijote de la Mancha e "Lengua Castellana". Ao mellor dabamos unha lección á semana. O de "Lengua Castellana" tiña moitos

contos e facíanos rir.

E- Non recordo ningunha anécdota.

F- Recordo varias, pero a que máis vergoña me dá... pois a primeira vez que me

castigaron.

Fora porque, no camiño de volta á casa, había unha ponte de pedra, e nós entretiñámonos xogando por alí e quitando cada día unhas poucas pedras. Cando o dono se decatou, foi de seguido á escola, contoullo ao profesor e ... vaia días aqueles!

G- Ás varas que nos encargaba o mestre facíamnosles un corte case invisible para que romperan pronto. Nunha ocasión meteulle a cabeza entre as pernas a un dos maiores para zoscarlle noca coa vara, a vara non rompía e o alumno estaba tan quente que empezou a lle empurrar ao mestre coa cabeza ata que o arrinconou nunha esquina e parou de pegarlle. Pero o alumno foi expulsado unha temporada.

H- Se te portabas mal, axeonllábante cara a parede cos brazos en cruz e libros nas mans. Cando aparecía un rato, a mestra subíase á mesa e nós corriamos todos contentos detrás del para intentar collelo. Os xoves poñíanos ás rapazas a facer labores, e gustábanos moito, porque





MEMORIA DA ESCOLA

traía moitos fíos de cores.

I- Unha vez un profesor lanzoulle a chave da clase a un alumno por estar falando, e como eran unhas chaves moi grandes abriulle a cabeza ao rapaz. Ao día seguinte foi o pai do rapaz falar co profesor, e este non volveu a dar clase nin volveron a saber máis nada del.

J- Un día, en época da Guerra Civil, fun á escola cun gorro do exército de meu tío, e os compañeiros ríanse de min. Eu saudaba, pero ninguén me saudaba a min.

K- Algunhas xa chas contei, pero do que máis me acordo era dos bos amigos que alí fixen, aínda hai pouco que foi o enterro dun, a vida pasa rápido.

L- Cando iamos uns cantos veciños que viviamos preto da escola e iamos pola noite despois de cear para aprender a facer ben as contas, e polo camiño sempre nos metiamos medo uns aos outros e pasabámolo moi ben.

9. Poderías recitar de memoria algo do que aprendiches?

A- Eu aprendín de todo. Líamos dos manuscritos, tiñamos Xeografía, Gramática,... e un montón de libros; pero algo de memoria agora mesmo non me lembro.

B- Aprendín a sumar, restar, multiplicar, dividir, raíz cadrada e cúbica, regra de tres simple e composta, decimais, relixión, coser, Aritmética, Gramática, Xeografía, Historia, Ciencias, as provincias de España...

C- As preposicións: a, ante, baixo, con, contra, de, des-

de, en, entre, hacia, hasta, para, por, según, sin, sobre, tras.

D- Non sei nada do que aprendín, esquecino todo, porque aos doce anos empecei a coser e non estudei máis. Alí só aprendín a sumar, restar, multiplicar e dividir, iso si que o sei facer; pero aprendín máis cos meus fillos ca na escola.

E- Aínda que non recorda ningunha cantiga, recorda que aprendeu moitas cousas; pero tamén aprendera algo na casa antes de ir á escola.

F- Non son capaz, antes era bastante intelixente e defendíame ben na escritura, nas matemáticas... Agora, por non saber, non sei nin multiplicar, nin inventar aqueles contos que antes facía... Só sei escribir e sei ler bastante ben.

G- O catecismo do Padre Astete. Como por exemplo o Credo, o Pai Noso, Ave María...

H- Aprendemos panxoliñas, cancións, moita Relixión e Xeografía, poucas Matemáticas e versos. Un que recordo: "Ya que soy tan pequeñita / y tengo tan poquita voz / por eso te quiero tanto / y te doy mi corazón. / Tómallo, tómallo / tuyo es y mío no". Recitabámolo en ocasións na igrexa.


I- Sumar, restar, multiplicar, dividir e o catecismo.

J- Do que mellor me acordo é da táboa de multiplicar e

do catecismo.

K- Creo que non recordo nada, ben, minto, recordo sumar, restar, multiplicar, certas capitais de países e algo de historia, aínda que pensándoo ben creo que o aprendín despois da escola.

L- A táboa de multiplicar e agora non me acordo de máis, ben, tamén algún río.





MEMORIA DA ESCOLA



10. Cal é o recordo máis grato que teñas na memoria daquela época?

A- Nunca o mestre me pegou nin me castigou, nunca. Tiven moita sorte.

B- A amizade entre todas as nenas, que estabamos moi unidas e sempre xogabamos xuntas como á corda, á panda, ás bólas (canicas), ao aro, etc.

C- Cando fun dicir un verso que dicía: "Como soy tan pequenita/ y tengo tan poca voz / digo con toda mi alma / viva la madre de Dios". Cando gañei o premio por saber ben o Catecismo. Nos recreos os rapaces xogaban ás pedradas e nós á raíña ou a saltar á corda.

D- Pois non sei, a min gustábame moito a Historia de España e a Xeografía.

E- Recorda que naquela época había moi poucos coches e moitas veces tivera que levar na besta aos soldados que ían a Curtis e ata incluso tivo que volver a pé.

F- Todo en xeral, ir á escola

era unha ilusión coa que eu me levantaba polas mañás. Nunca esquecerei ao único mestre que tiven (Don Ramiro), xa que é a persoa á que lle debo o que sei, e aos meus compañeiros, que só foron sete anos comigo á escola, pero vivimos todos polos arredores.

G- Ao mestre gustáballe a papiroflexia, e sempre nos ensinaba a facer moitas figuras, como a paxariña, barcos, avións, chocolateiros, caixas... Outro recordo é que a min o mestre non me pegou nunca e preparoume ben para o ingreso nun colexio. Penso que a pesar dos métodos que utilizaba quizais foron precisos, porque tiña que atender a moitos rapaces e de moitas idades, e non se portaban ben.

H- Cando saíamos ao recreo o ben que nos levabamos todos. Ademais compartiamos todo e xogabamos todos xuntos á roda, á corda, á pelota, ao escondite... Tamén como cando íamos a pé e todos xuntos, pasabámolo moi ben polo camiño.

I- Unha vez rinme moito co que fixo un compañeiro meu. Resulta que saímos ao recreo e o profesor foi facer as súas necesidades á horta e envolveunas nunha verza. Cando volvemos do recreo, díxolle a un rapaz que lle fose tirar aquilo. Cando este saía pola porta, de curioso, mirou o que había envolto e viu o que era, entón deu a volta e quixo lanzarllo ao profesor, pero este agachouse e todo "aquilo" foi parar a un retrato de Franco que había colgado da parede. Todo o mundo se botou a rir.

J- No descanso que tiña despois de comer, antes de que empezara a clase da tarde, encantábame ir buscar niños. Gustábame coller os ovos dos niños e despois comelos, facer unha tortilla.

K- Eu que seu, unha trasnada que fixemos, pero non cha vou contar para que non aprendas. Algúns din que antes se estaba mellor, pero eu dígolles que vaian á merda, como agora nunca se estivo, se agora tedes de todo, home! E aínda tedes de todo e non o apreciades. Se te pararas a pensar como vivirías nos meus tempos, que corpo che quedaría? A min non me serviu de nada ir á escola, porque total, para o que fun... Pero a outros si, de todas formas eu non tiven a oportunidade ao igual que teus pais, es o primeiro da familia en tela, aprovéitaa, anda.

L- Pois foi un día que estabamos repasando a táboa, de repente sae un rato do medio dunha vasoira e a mestra comezou a berrar como unha tola e subiuse encima de algo, ese día moito rin! E a cara de medo da mestra nunca a esquecerei, nunca a vira con tanto medo como aquel día, ja,ja,ja!

ENTREVISTADORES:

A: DAVID MÉNDEZ MARTÍNEZ (S3C)

B: MARÍA DÍAZ RODRÍGUEZ (S2A)

C: SANDRA VÁZQUEZ FREIRE (S3C)

D: LIDIA RODRÍGUEZ PENAS (S3C)

E: ESTEFANÍA OTERO RODRÍGUEZ (S3C)

F: GLORIA CORRAL CEA (S3A)

G: INÉS ROCA AGRA (S3A)

H: NOELIA VARELA PUGA (S3A)

I: SONIA CORDIDO CONDE (B1C)

J: LETICIA PENAS SOUTIÑO (B1C)

K: SERGIO PATIÑO RÍO (B1C)

L: TANIA ARIAS CARBALLAL (S3A)